



Reclamante: [REDACTED]
Expediente. Nº **RSCTG 018/2018**

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo da disposición adicional quinta da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

En resposta á solicitude do 29 de xaneiro de 2018, presentada por [REDACTED] na súa calidade de portavoz do Grupo Municipal [REDACTED], a Comisión da Transparencia, considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, adopta o seguinte acordo:

ANTECEDENTES

Primeiro. [REDACTED], [REDACTED] no Concello de Pontearreas presentou, mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o día 5 de febreiro de 2018, un escrito ante a Comisión da Transparencia no que solicita que se tomen as medidas oportunas ante os atropelos á participación dos grupos políticos da oposición nos plenos municipais e demais órganos.

O escrito viña acompañado de copia dun anuncio de convocatoria dun pleno municipal do 16 de xaneiro de 2018 e de tres mocións asinadas polo [REDACTED]

Segundo. Con data 20/2/2018, remitiuse ao reclamante un oficio no que se lle solicitaba a emenda da súa solicitude nos termos previstos nos artigos 19.2 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, e 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

O requirimento foi recibido con data 22/2/2018 polo reclamante, sen que remitira as aclaracións solicitadas.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

A lexislación aplicable a este procedemento vén configurada pola citada Lei 19/2013 e pola Lei 1/2016, xunto coa lexislación básica en materia de procedemento administrativo.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública poderá interpoñerse unha reclamación perante o Valedor do Pobo; e o artigo 33 da mesma lei indica que corresponde á Comisión da Transparencia, órgano colexiado, a resolución das reclamacións fronte ás resolucións de acceso á información pública que establece o seu artigo 28.

A disposición adicional quinta da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, establece que resolver esas reclamacións corresponderá, no suposto de resolucións ditadas polas entidades locais de Galicia, ao Valedor do Pobo, ao que se adscribe a Comisión da Transparencia, que por tanto é a competente.

Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, preceptúa que o procedemento se axustará ao previsto nos números 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro. Esta lei 19/2013, do 9 de decembro, sinala que estamos ante unha reclamación con carácter potestativo e previa á impugnación en vía contencioso-administrativa e que se axustará na súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida como *“os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións”*.

O artigo 12 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, configura o dereito de acceso á información pública de forma ampla, sendo titulares do mesmo todas as persoas. A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, sinala que o solicitante non está obrigada a motivar a súa solicitude de acceso á información (artigo 26.4).

Cuarto. Análise do expediente

O artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, establece que se a solicitude de iniciación non reúne os requisitos que sinala a lexislación específica aplicable, requirirase o interesado para que, nun prazo de dez días, emende a falta ou xunte os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixer, se terá por desistido da súa petición, logo da resolución que deberá ser ditada.

Dado que a solicitude presentada referíase a mocións presentadas polo Grupo Municipal do Partido Popular para ser debatidas no Pleno do Concello de Pontearreas, e non sendo a súa tramitación polo órgano municipal susceptible de ser obxecto de reclamación ante a Comisión da Transparencia, con data do 20 de febreiro de 2018 solicitouse ao reclamante que aclarase si tiña presentada unha solicitude de acceso á información pública, ben como persoa física ou ben como persoa xurídica (no nome do seu grupo político), para o que se lle concedeu un prazo de dez días.

O reclamante non remitiu a aclaración solicitada polo que procede o arquivo por ter desistido o solicitante da solicitude presentada, non figurando no expediente resolución expresa ou presunta referida a unha solicitude de información pública sobre a que esta Comisión teña competencia para resolver.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia.

ACORDA

Único: Arquivar por desistencia o escrito presentado por [REDACTED], actuando como [REDACTED], no que solicita que se tomen as medidas oportunas ante os atropelos á participación dos grupos

políticos da oposición nos plenos municipais e demais órganos, e declarar concluso o procedemento.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, de conformidade co previsto no artigo 8.3 a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 23 de maio de 2018

A presidenta da Comisión da Transparencia

Milagros Otero Parga